

DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

*Exposizón presentada pol-a  
poñenza encarregada de re-  
dactar o ante-proyeito d'Esta-  
tuto da Galiza*



**Publicazóns da Sociedade Nacionalista Ponal**

BELGRANO 2159 - BOS AIRES

## A nosa opinión

O Seminario d'Estudos Galegos, que tan meritaria e patriótica laboura realiza, presentou ao pouco tempo de nacer a república en Hespaña, un antepropósito de estatuto autonomista, acompañado do estudio detallado, dos recursos e das obrigas que o estado central tería que traspasar ao estado autónomo.

A Sociedade Nazonalista Pondal, ao editar este traballo do señor Bóveda Iglesias, ten a certidume de que contribuie a ilustrar o criterio de moitas das xentes nosas, que inxenuamente coidan que Galiza vive da Hespaña.

A este propósito, xa decíamos no Nº 41 do noso voceiro "A Fouce" comentando este traballo:

"Os que acotío nos falan da nosa probeza, da nosa incapacidade pra sosternos sin o apoio hespánio, teñen no traballo do Sr. Bóveda Iglesias unha resposta clara e ben documentada, que pode resumirse d'este xeito sinxelo: Galiza dalle a Hespaña mais de 135 millóns de pesetas e recibe pouco mais de 126 millóns, cos quales se paga todo, incruso exército, mariña e crases pasivas.

"Pero áinda non é isto só, o que Galiza lle da a Hespaña, o arancel hespánio custalle a Galiza quizaves algo mais de 100 millóns de pesetas por ano, e produce a miseria e a ruina, que nos fai emigrar dunha terra que podería, si fose libre, manter ao triple da poboazón que ten na actualidade.

"A Fouce" cree fermemente que o traballo do Sr. Bóveda Iglesias contribuirá, non a que os galegos pensen na autonomía, sinón a que se decaten das moitas posibilidades de progreso e de riqueza, que malogra a nosa dependencia da Hespaña.

"E tan xustificada a nosa aititude arredista, que a sempre enunciación do problema autonomista no orden fiscal, descobre a necesidade e a comenza de conquerir a independenza ausoluta da nosa Terra".

As afirmazóns contidas n'os parrafos transcritos son fáciles de puntualizar.

Si dentro do estado hespánio, con un réxime impositivo antinatural, on unhos aranceles abafantes da nosa economía, tributamos pra pagar todo o que o estado hespánio gasta na nosa terra, incruindo exército, mariña e crases pasivas, e ainda sobrgan 8 millóns de pesetas, é lóxico pensar que a nosa capacidade tributaria nun réxime de independenza, daríalle ao estado galego recursos superiores que oxe van a parar as uchas do estado

hespañol, e do capitalismo catalán, vizcaíno e castelán.

Porque a tributazón que Galiza paga, non son somentes os 135 millóns que se recaudan directamente, hai o sobreprecio do arancel que pr'os cereales foi calculado en 70 millóns, e non coidamos que sexa aventurado, calcular en 100 millóns o sobre-prezo que pagamos polos demais artigos que importamos de dentro ou de fora da Hespaña, tributando pol-o consegueinte, nunha proporción superior a que asíñalan as estadísticas oficiais.

As ventaxas que entroques de todo esto saca Galiza, abesúllanse sin grande esforzo e sin necesidade de estar versado en cuestions político-económicas.

O arancel cerealista encarece a nosa gandeiría, impide unha explotación intensiva, limita o consumo interno e fai imposible o comercio de exportazón.

O arancel protector das industrias, non favorece as nosas, que as perjudica, a conserveira, ten que sufrir o recargo protecionista pol-o aceite e a folla-lata, e por si esto non abondase, ten que facer frente nos mercados consumidores, as consecuencias do arancel hespañol, que por ser o mais elevado, tropeza en todas partes con tarifas casi prohibitivas.

A independenza de Galiza supón (deixamos de lado as razóns de orde espritoal, que pra nós, son as de maior importancia): Creazón de novas industrias e redución do custe de producción das atuais.

Oxe, o capital galego, tropeza con dificultades pra facer inversions na Terra, en razón das dificultades inherentes a toda industria nova, pois tendo que pagar a misma tributazón industrial que pagan as afincadas en Cataluña, os capitalistas ou os bancos que ademanistrano o capital galego, prefirén unha inversión segura nas industrias xa consolidadas en Cataluña, antes que correr os resgos inevitables, si nas actuales condizóns se dispuxeran a crear esas mismas industrias na Terra.

Como consecuencia de todo esto, casi resulta unha perogrullada o afirmar que nun réxime de independenza, os nosos ingresos fiscales, estarian moi por riba dos 135 millóns, e ainda que o estado galego mantivese o disparatado criterio de gastar o que actualmente gasta na nosa Terra o estado hespañol en exército, mariña e crases pasivas, que en total suman 62 millóns, poderíase folgadamente duplicar os atuais gastos de instrución pública e de fomento, que suman oxe en conxunto 30 millóns.

Ademais, o custe da vida, que na actualidade acada límites que fan imposible satisfacer as mais elementales necesidades, baixaría nunha proporción, que non supoñen, os que por ignoranza, coidan que Galiza socumbe si se separa da "gloriosa e noble nazón hespañola".

Refrexionen os nosos compatriotas, abesullen áinda que sexa co espírito predisposto en favor da "nobre e gloriosa nazón hespañola", a situación da Galiza, e ollarán, que a nós, a "nobre e gloriosa", áinda botando en esquecemento ainxuria secular, non nos da ren, abafanós con aranceles favorables a Castela, Cataluña e Vizcaia, impide o noso progreso e obriganos a buscar na emigración o pan que con fortuna podería darnos a nosa Terra si fose dona da sua facenda e da sua vontade.


S.N.P.

# Exposizón presentada pol-a poñenza encarregada de redactar o anteproyecto d'Estatuto da Galiza.

Os que suscriben, ó recibir o honroso mandado de constituir a Poñenza encarregada de redactar un Anteproyecto d'Estatuto pra Galiza, creron que seu mais principal deber era (a mais de precurar un artigoado tan ampio que dese cabida as arelas de todal-as minorías galegas, sin excluir as mais avanzadas) facer un estudo cabal do aspeito económico; pra non proceder ás cegas ó facer unha proposta que tan seriamente podería comprometer os intereses galegos. Pois decátanse de que non é iste intre o de xustificar a persoalidade indiscutible das Rexións, nin xiquerá o de lembrar que Galiza foi próspera i-europea antes de realizada a inxusta uniformidade nazional que padecemos, e probe, atrasada e hastra vergoñante dimpois; senón o de saber si (ainda ca vagaxé grandemente gravosa que temos d-herdar d-unhos cantos séculos de centralismo) o réximen de autonomía integral que proponemos nos convén, ou non, e si nos pode ser concedido sin que resulte pernicioso pra ningunha das partes intresadas.

Coñocedora a Poñenza de que seu membro o Sr. Bóveda Iglesias levaba algúm tempo adicado a istos estudos, confireulle o encárrego de preparar, tan aixiña como poidese, un resumen dos mesmos.

E hoxe comprácese en elevar ó coñocimento d-isé Seminario os frutos de tan traballosa laboura, que acepta e fai sua:



"Entende o que ten a grande honra de subscribir:

Que non tendo d-existir, na organización que proponemos, aduanas inter-rexionais, e reservándose ó Poder Central as facultás soberanas referentes a sistema de moedas, réximen aduaneiro, tratados, etc., pra decidir si o que proponemos nos convén, non compre, como se poidera crér, facer estadísticas nin estudos referentes ós distintos factores financeiros determinativos da nosa balanza de pagos, senón que abonda con que se faga unha precura de datos que se refira só ó aspeito fiscal: xa que se non trata de coñecer as posibilidades d-un Estado económicamente independente, senón da separazón, xusta, d-unhas obrigas e unhos recursos que hoxe son rexidos de maneira global, co consiguiente exceso de gastos de ademanis-trazón.

Asegún iso: Tomando como base os resultados do ano 1930 (que poderíamos confirmar cos de 1926 a 1929; i-escollemos os de 1930, porque, ademais de ser os derradeiros e pol-o tanto os que mais se aproximan a

realidade, son tamén os menos favorabres pra Galiza, pois n-ise ano a recaudazón especialmente por Aduanas, desceu en algúns millóns e os gastos feitos pol-o Estado aumentáronse ca refundizón dos presupostos ordinario i-extraordinario) resulta:

A)

Que as cantidás recaudadas pol-o Estado n-ise ano en Galiza (según os datos tirados das contas oficiaes e comprobados pol-o que suscribe) son os que — co detalle por Oficiñas, pra que poídan ser revisados en calquier momento — compoñen o seguinte cadro:

CONCEITOS	TOTAES
Territorial . . . . .	24.743.131
Industrial . . . . .	8.273.983
Utilidades . . . . .	6.867.073
Derechos reales . . . . .	8.342.951
Minas . . . . .	250.984
Consumos . . . . .	3.642
Transportes terrestres . . . . .	323.744
Patente automóviles . . . . .	2.778.502
Alumbrado . . . . .	1.517.965
Propiedades:	
Rentas . . . . .	772.391
Ventas . . . . .	38.360
Pagos del Estado . . . . .	648.035
Servicios explotados por la Administración . . . . .	90.809
Cuotas militares . . . . .	533.219
Demás conceptos . . . . .	1.386.499
Transportes por mar . . . . .	2.731.001
Alcoholes . . . . .	466.709
Cerveza . . . . .	61
Azúcar . . . . .	2.882
Achicoria . . . . .	58.386
Timbre (devoluciones) . . . . .	1.655
Aduanas . . . . .	15.196.307
Arbitrio conservación de carreteras . . . . .	112.500
Loterías . . . . .	8.480.839
Caja inspección . . . . .	219.623
Comité Derechos Reales . . . . .	41.436
Varios comités y Cajas . . . . .	11.196
Monopolio cerillas . . . . .	2.509.742
Recursos municipales . . . . .	2.681.944
Monopolio tabacos . . . . .	25.500.000
Timbre del Estado . . . . .	12.000.000
Monopolio Petróleos . . . . .	8.335.503
TOTAL PESETAS . . . . .	134.933.260

#### NOTAS:

1º Por non dispór de datos comprobados, déixanse de incluir os ingresos que corresponden a Galiza por: Teléfonos, participación nos benefizos

do Banco d-España, tasa de rodaxe, Xuntas de portos e outros.

2º As cifras globaes de Tabacos e Timbre proceden de engadir os resultados do ano 1928, que son os derradeiros publicados pol-o "Anuario Estadístico" a cantidade prudençal que, por baixo, correspondía, tendo en conta o aumento gradual observado no bienio 1926-28.

3º As 8.335.503 ptas, calculadas por Petróleos, estabrecedo unha porporzón entr-as cantidás presupuestadas e as recaudadas por iste concepto e por Patente Nazonal de automóviles. E casi seguro que se recaude mais, preferimos computar por baixo tamén.

*Nota da Editorial.* — Por dificultades de caráter tipográfico omitimos o detalle por oficiñas.

B)

Que as pagadas en Galiza pol-o Estado, por toda crás d-atenzóns, según os datos que se obtiveron da mesma maneira, son estas outras:

CONCEITOS	TOTAES
Clases pasivas . . . . .	10.149.675
Presidencia (porterlos y varios) . . . . .	470.870
Justicia y Culto:	
Obligaciones c. . . . .	2.110.359
Obligaciones e. . . . .	7.804.590
Ejército . . . . .	20.363.743
Marina . . . . .	19.062.191
Gobernación . . . . .	12.123.620
Fomento . . . . .	17.997.384
Instrucción Pública y B. A. . . . .	16.704.620
Trabajo y Previsión . . . . .	256.874
Economía . . . . .	407.720
Hacienda . . . . .	2.211.973
Gastos contribuciones . . . . .	5.630.400
Participación Corp. . . . .	4.041.128
Acción Marruecos . . . . .	80.623
Obligaciones a extinguir . . . . .	1.655.068
Deuda (reintegros) . . . . .	93
Loterías . . . . .	2.432.009
Caja Inspección . . . . .	259.296
Monopolio cerillas . . . . .	15.397
Recursos Municipales . . . . .	2.468.262
Total . . . . .	126.245.709

*Nota da Editorial.* — Pol-as mismas dificultades da nota anterior omitimos o detalle por oficiñas.

C)

Que si nos limitásemos a facer a comparanza dos totaes que arroxan as partidas que os dous anteriores cadros abranguen: 134.933.260 tiraríamos a conclusión de que Galiza tería, dend-o punto — 126.245.709

de vista fiscal, un saldo a seu favor de, ptas. . . . . 8.687.551

Poderíásenos decir; 1º Que consideramos como ingresos nosos os de Aduanas, que non nos corresponden integralmente, porque gran parte d-iles son devengados por importadores i-exportadores nin galegos nin residentes en Galiza; 2º Que incruimons tamén os totaes de monopolios do Estado; e 3º Que, ademais, deixamos de ter en conta atenzóns como: as Xerales do Estado (a extinta Casa Real, Corpos Colexisladores e Deuda pública), as do Ministerio de Estado (representazón dipromática e consular), e as correspondentes a certos orgaosmos e outros gastos centraes.

Nos poderíamos oponer: O primeiro, que cecais o que n-outras aduanas pagan os artigos que nós consumimos, non recibidos directamente en Galiza, ocmponse a cantidade que se nos disputa, e que arebasa, seguramente con moito, o perxuízo que do réximen proteitor recibe a nosa economía. E ó segundo e terceiro, que abonda ver as cifras gastadas por Guerra e Mariña pra se convencer aixiña de que por mór de ser a nosa unha Rexión mariñeira e fronteiriza veñen, tamén, recargadas considerabremente co que, por corresponder á necesidade de defensa do territorio — que non é sómentes o nosso, senón o de tod-o Estado — corresponde, a outras Rexións.

Mais comprendemos que non abonda con iso, e como, ademais, non queremos argumentar con probabilidade, inda que presenten un grado moi grande de certidume, senón con cifras comprobadas que non ofrezan dúbidas nin ós mais recebos, manexemos as anteriormente obtidas, con arrebro o que propoñemos, pra ver si os resultados nos siguen sendo favorables.

Teremos, pol-o tanto, que averiguar:

- A cánto subirán os medios fiscaes (ingresos tributarios) que pedimos que xe nos deixen;
- Cánto custarán, tal como hoxe os ten atendidos o Estado, os servizos que asíñamos a Galiza; e,
- Cánto tería que pagar Galiza ó Estado si os ingresos de carácter xeral que a iste lle quedan non chegase pra cubrir o importe das atenzóns, de carácter xeral, tamén, que terá que satisfacer:

a)

O primeiro cadro permitenos outer a cánto subirán os ingresos que pra Galiza pedimos, que son (deducidos Aduanas, Timbre, Tabacos, os demás monopolios e cantos ingresos poidésemos considerar de carácter xeral) os seguintes:

Territorial . . . . .	24.743.131
Industrial. . . . .	8.273.988
Utilidás . . . . .	6.867.073
Direitos Reás . . . . .	8.342.951
Minas . . . . .	250.984
Consumos . . . . .	3.642
Transportes terrestres . . . . .	323.744
Patente Naoal . . . . .	2.778.502
Alumbrado . . . . .	1.517.965
Propiedás — Rentas (parte apricabre)	500.000
Pagos do Estado (os 2 3) . . . . .	432.025
Alcoholes . . . . .	466.709
TOTAL . . . . .	54.500.714

b)

O segundo (aparte das moiísimas enseñanzas que do mesmo se poden tirar, relazoadas ca maneira como o Estado ademinastra os nosos intereses) permite determinar o importe das obrigas que propoñemos que Galiza ademinastra de seu, que son:

Presidencia	470.870
Xustiza (obligas civís)	2.110.359
Gobernázón (só Sanidade interior, Sanatorio de Oza e persoal a extinguir)	300.000
Fomento	17.997.384
Instruzón Pca. e B. Artes	16.704.620
Traballo e Previsión	256.874
Economía	407.720
Facenda (excluíndo Aduás)	1.822.000
Gastos de contribúzons (excluíndo carabinieiros)	3.800.400
TOTAL	43.870.227

c)

Quédanos, agora, determinar o importe da aportazón que Galiza terá que facer pra (cubrir o déficit do Estado, co fin d'estabrecer comparanza, e poder sentar as concrusións que correspondan.

Empecemos por averiguar a canto sube ese déficit:

Tomamos pra iso como base o presuposto aprobado pra 1931, pois sendo o derradeiramente aprobado, i-estando calculados seus ingresos con vista dos outidos no ano anterior e sendo os seus gastos o resultado de refundir os doux presupostos ordinario y estrordinario, non cabe ningunha dúbida de que as suas cifras teñen de ser nosa pauta obrigada, por ser as que mais se axustan a realidade.

Era noso desexo que iste traballo levase como anexos a copia exacta dos taes presupostos, pra que cada un os tivese mais a man e poidese mellor formar seu xuizo; mais viñeron as cousas tan aixiña, que non hay tempo de facelo. Remitimos ó leitor á Gaceta do día 6 de Xaneiro que os publica completos, e seguiremos extictamente o orden da mesma pra facilitarlle o seu estudo.

Ollándoa, deducimos pro Estado os ingresos seguintes:

#### Seizón 1<sup>a</sup>

Participazón nos benefizos do Banco de Hespaña ..	26.000.000
Participazón nos benefizos do Hipotecario .. .	700.000

#### Seizón 2<sup>a</sup>

Renda de Aduás .. . . . .	592.240.000
Imposto sobr-o Zucré .. . . . .	116.000.000
Imposto sobr-a Achicoria .. . . . .	2.300.000
Portos francos de Canarias .. . . . .	13.500.000
Observazons dos Consuados .. . . . .	9.000.000
Timbre do Estado .. . . . .	379.000.000
Timbre de ademisión de valores na Bolsa .. . . . .	50.000
Timbre de pólvora i-explosivos .. . . . .	9.500.000
Suma ó frente .. . . . .	1.148.290.000

Suma anterior ..... 1.148.290.000

*Seizón 3<sup>a</sup>*

Toda ..... 974.295.000

*Seizón 4<sup>a</sup>*

Rendas:

Saliñas .....	1.650.000
Minas .....	10.500.000
Producto ademinstrazón fincas do Estado .....	916.000
Renda dos bens do Clero .....	16.000
Renda da Cruzada .....	1.670.000
Asiñazón empresas f. c. por gastos inspezión .....	1.560.000
Reintegro gastos Depósitos Aduás .....	180.000
Renda dos bens dos Institutos .....	40.000
Reintegros d-anticipos as Cias. de ff. cc. ....	15.000.000
Reintegros d-anticipos a particulares....	90.000
Reintegros d-anticipos pra camiños veciñales .....	60.000
Reintegros d-anticipos por inundazóns 1919.....	150.000
Entregas pra millora pensións .....	1.400.000
Reintegro d-anticipos o Bco. Exterior .....	41.312.000
Vendas: Integro .....	1.080.000

*Seizón 5<sup>a</sup>*

Toda .....	76.660.000
Donativo do Clero e Monxas .....	2.274.869.000
Imposto de Grandezas e Tidós .....	1.350.000
Imposto de pagos do Estado (só de os que lle quedan)	1.700.000
	10.000.000
	2.287.919.000

Por ingresos correspondentes a todas as Rexiões que

se formaicen na Tesoureiraía Central, ademítimos a  
cantidad que (xa pol-o baixo) calculou Ferreiro  
pra 1925-26 .....

TOTAL XERAL ..... 165.500.000

2.453.419.000

O importe das obrigas de caráiter xeral que o Estado tería d-atender  
é (según a distribución que con arreglo a nosa proposta fixemos das que  
figuran no presupuesto hespañol do mesmo ano 1931, cuio orden de capí-  
tuos e artigos seguimos extictamente pra que se poida xuzgar mellor de  
tal distribución) o que segue:

<i>CONCEITOS</i>	<i>Cantidades</i>	<i>parciaes</i>	<i>Totaes</i>
Pra futura Presidencia .....	2.500.000		
Corpos Colexisladores.....	2.853.500		
Deuda (deducindo as comisións do Banco)	888.792.279		
Crases Pasivas .....	145.281.800	1.039.427.579	

Suma anterior . . . . .	1.039.427.579
Presidencia do Consello:	
Capitulo 1º; Artigos 1º 6 4º . . . . .	156.000
Capitulo 1º; Artigo 5º . . . . .	2.500.000
Capitulo 2º; Artigos: Todos . . . . .	637.250
Capituos 3, 4 e 5; Artigos: Todos . . . . .	1.130.000
Capituos 6 e 7º; Artigos: Todos . . . . .	557.000
Capitulo 8º; Artigos: Todos . . . . .	4.338.500
Capitulo 9º; Artigos: Todos . . . . .	43.500
Capitulo 12º; Artigos: Todos . . . . .	5.000.000
Capitulo 13º; Artigos: Todos . . . . .	6.000.000
Capitulo 15º; Artigo: Uneco . . . . .	50.000
	20.412.250
Estado:	
Total do mesmo . . . . .	20.254.579
a deducir:	
Capitulo 2º; Artigo 1º . . . . .	
Capitulo 4º; Artigo 8º . . . . .	
Capitulo 5º; Artigo 14º . . . . .	
Capitulo 5º; Artigo 18º . . . . .	
Capitulo 5º; Artigo 23º . . . . .	
Capitulo 8º; Artigo: Todo . . . . .	—815.000
	19.439.579
Grazia e Xustiza:	
Capitulo 1º; Artigos: Todos . . . . .	1.091.000
Capitulo 2º; Artigos: Todos . . . . .	133.000
Capitulo 4º; Artigo 2 . . . . .	164.500
Capitulo 4º; Artigo 6º . . . . .	8.000
Capitulo 6º; Artigo 4º . . . . .	1.500
Capituos 11 ó 18; Artigos: Todos . . . . .	66.371.763
	67.769.763
Exército:	
Todo . . . . .	—
459.328.694	
Mariña:	
Todo . . . . .	—
252.297.626	
Gobernázón:	
Total do mesmo . . . . .	291.698.291
a deducir . . . . .	
Capitulo 2º; Artigo: Todo . . . . .	
Capitulo 3º; Artigos 2, 4 e seguintes . . . . .	
Capitulo 4º; Artigos: menos 5º . . . . .	
Capitulo 7º; Artigos: menos 7º . . . . .	
Capituos 8, 11, 13 e 14; Artigos: Todo . . . . .	16.078.803
Capitulo 16º; Artigos: 4º e seguintes . . . . .	
Capituos 41º e 45º; Artigos: Todo . . . . .	
Capitulo 47º; Artigo 1º . . . . .	—
	275.619.483
Fomento:	
Capituos 1º e 2º; Artigos: Varios . . . . .	2.500.000
Capitulo 5º; Artigo: Uneco . . . . .	510.000
Suma ó frente . . . . .	3.010.000
	2.134.294.974

Suma anterior . . . . .	3.010.000	2.134.294.974
Capitulo 10º; Artigo 1º . . . . .	188.500	
Capitulo 12º; Artigos: Varios . . . . .	4.000.000	
Capitulo 14º; Artigos: Todos . . . . .	2.710.500	
Capitulo 17º; Artigo 2º . . . . .	600.000	
Capitulo 27º; Artigo: Uneco . . . . .	20.500	
Capitulo 30º; Artigos: Varios . . . . .	40.000.000	50.529.500

Instrucción:

Capitulo 1º; Artigos 1º ó 6º . . . . .	246.000	
Capitulo 2º; Artigo 1º . . . . .	110.000	
Capitulo 3º; Artigos 2º, 6º e 9º . . . . .	178.000	
Capitulo 13º; Artigo 2º . . . . .	170.000	
Capitulo 14º; Artigo 2º . . . . .	268.000	
Capitulos 17º e 18º; Artigos: Todos . . . . .	3.164.000	
Capitulo 26º; Artigo 3º . . . . .	1.500.000	
Pra persoal a extinguir . . . . .	2.100.000	7.736.600

Traballo:

Capitulo 1º; Artigos 1º ó 4º e 17º . . . . .	1.392.000	
Capitulo 2º; Artigos 1, 2, 8 e 9 . . . . .	1.574.650	
Capitulo 4º; Artigo 5º . . . . .	1.010.000	
Capitulo 5º; Artigo 7º . . . . .	8.622.774	
Pra persoal a extinguir . . . . .	1.000.000	13.599.424

Economía:

Capitulos 1º e 2º; Artigos: Todos (a extg.)	8.482.695	
Capitulos 9º e 10º; Artigos: Todos . . . . .	727.850	
Capitulo 12º; Artigos: Todos . . . . .	509.000	
Capitulo 14º; Artigo 4º . . . . .	500.000	10.219.545

Facenda:

Capitulos 1º e 2º; Artigos: Pra todos . . . . .	2.049.452	
Capitulos 5º e 6º; Artigos: Todo . . . . .	10.583	
Capitulo 7º; Artigo 4º . . . . .	6.267.650	
Capitulo 10º; Artigos: Todo . . . . .	3.200.000	
Capitulo 12º; Artigos 1º ó 4º . . . . .	2.100.477	13.628.162

Gastos contribúzóns:

Capitulos 5º e 6º; Artigos: Todos . . . . .	415.155	
Capitulos 7º ó 11º; Artigos: Todos . . . . .	5.009.967	
Capitulos 12, 13 e 14; Artigos: Todos . . . . .	56.046.782	
Capitulo 19º; Artigo 2º . . . . .	25.000	
Capitulo 20º; Artigo: Todo . . . . .	722.000	
Capitulos 21 e 23; Artigos: Todo . . . . .	9.640.000	
Capitulos 24 ó 27; Artigos: Todo . . . . .	30.718.364	
Capitulo 28º; Artigosº Pra todo . . . . .	100.000	
Capitulo 34º; Artigos: Pra todo . . . . .	2.000.000	104.677.268

Suma ó frente . . . . . 2.334.685.473

Suma anterior .....	2.334.685.473
Participazón Corporazóns:	
Capitulo 6º; Artigo 2º .....	1.875.000
Capitulo 8º; Artigos 1º ó 3º .....	285.800.000
Capitulo 9º; Artigo: Uneco .....	115.000
	287.790.000
Aizón Marruecos .....	219.638.798
Posesións .....	4.898.894
Obrigás a extinguir .....	33.208.068
TOTAL XERAL .....	2.880.221.233
Si se levan a cabo as economías que están anunciadas; e supoñendo, pra pecar por baixo, que a cifra das mesmas non pase do calculado pra Guerra .....	—200.000.000
Quedarán a cárrego do Estado .....	2.680.221.233
Comparando agora os totaes que resultan (si se aceptan todal as anteriores cifras, ás que me parece que non hay ren que oponer) o déficit que as Rexións teñen que sufragar sube á cantidade de	
	2.680.221.233
	—2.453.419.000
Ptas. ....	226.802.233

Galiza ten que aportar, pra cubril-o, a parte que, xustamente, lle corresponda. Tratemos de buscar a maneira de outel-a. Cataluña propoñía no seu Estatuto (artigo 13): "...habrá de participar no abono indicado (refírese ó déficit) a base da proporción en que Cataluña participe nos impostos..." Ferreiro no seu traballo referente ó ano 1925-26 aceptou ista fórmula, mais con reparos. Nos aceptámola tamén, porque (inda que reconocemos que, pro futuro, o réximen de proporcionalidade sobr-os ingresos non é xusto, pois non grava as rendas rexionaes) é o que con maior facilidade nos permite agora determinar a aportación galega. I-estamos sinceramente certos de que o adoutar iste procedimento constitui un agrumento mais demostrativo de que ó outer os resultados en que basaremos as nosas concrusións, si algúnya vez nos apartamos do cálculo xusto, por non dispón de medida exaita, perxudicamos, de intento, a Galiza: xa que, si como base do reparto se tomasen as rendas rexionaes, seguramente que tería d-aportar en maior pequena proporción que aquelas outras Rexións en que a renda dos capitais e do traballo é mór, debido, en parte non pequena, ó tributo de consumidora que Galiza lles paga.

Mais, aceptada ista fórmula, está craro que Galiza — como as demás Rexións — tería de pagar: Unha parte que gardase cos ingresos que o Estado lle deixe a mesma relación que o déficit total que lle resulte ó Estado garde co total dos ingresos deixados a todal-as Rexións.

Según isto:

Sendo o total do presuposto hespañol de ingresos pra 1931, ptas ... .. . . . .	3.753.654.000
E o dos que lle asinamos ó Estado, como xeraes, ptas ... .. . . . .	2.453.419.000
	<hr/>
Quedan pras Rexións ... .. . . . .	1.300.235.000
I-engadindolle a cantidade que as Vascongadas e Na- varra deben ingresar, ademais do que xa pagan, polos conceitos que teñen concertádos (asegúrn a comparanza que, por baixo, fixemos co que polos mesmos ingresa Galiza) pois non é ademitible que na futura estructurazón se conserven privilexios pra ningún, ptas . . . . .	15.000.000
	<hr/>
Terían as Rexións, ptas... . . . . .	1.315.235.000

Galiza tería pol-o tanto de aportar:

$$\begin{array}{rcl}
 1.315.235.000 & & 54.500.714 \\
 \hline
 & = & \\
 226.802.233 & \times & \\
 226.802.233 \times 54.500.714 & & \\
 \times = & & = 9.398.231 \\
 & & 1.315.235.000
 \end{array}$$

E sumando ista aportazón co total das obrigas traspasadas pol-o Esta-  
do a Galiza, resultan:

$$\begin{array}{rcl}
 43.870.227 & \text{Cantidad que, como se ve, é mais} & 54.500.714 \\
 + 9.398.231 & \text{pequena que a cifra dos nosos ingre-} & - 53.268.458 \\
 \hline
 & \text{sos, resultándonos un superavit de} & \\
 53.268.458 & \text{pesetas. . . . .} & 1.231.256
 \end{array}$$

Creo que queda compridamente demostrado que Galiza sairía bene-  
fizada; porque, ademais de que podería pagar a parte que lle correspondese  
pra cubrir o déficit do Estado, dimpois de cubertas todas as suas obrigas,  
disporía d-un sobrante que (agrandado gradualmente pol-a disminuzón da  
cantidadade a pagar: por amortización dos gastos que agora herdamos, co  
carácter de "a extinguir") lle permitiría aumentar, en ben da sua econo-  
mía, a eficacia dos servizos; sin contar con que as economías que o réxi-  
men de descentraizón permitiría facer nas obrigas que lle quedan ó Es-  
tado son moito móres das que se ademitiron ó facer os cálculos.

Mais como algúns poderían facer unha ouxeizón que xa temos ouvido  
con referencia o traballo de Ferreiro, querémonos anticipar a contestal-a.  
Din: Conformes en que Galiza podería facer frente cos ingresos que lle  
quedan as atenzóns que se descentraícen; mais, como moitas están insu-  
ficientemente atendidas, o sobrante que a Galiza lle resulte non abondaría  
pra incremental-as na proporzón qu-iles consideran precisa. Digamos, pri-  
meiramente, que o melloramento a que se aspire en todos os ordes ten de  
ser proporcionaldo á nosa capacidade, pra non caer no perigo de ruina púbrica;  
e, dimpois, que si nós non podemos pretender o noso melloramento ás  
costas dos outros, o que o Estado poidese facer mellor o poderá facer Ga-  
liza de seu, pois o diñeiro preciso pras reformas (que en fin de contas  
haillo que pedir o contribuinte ou o creto púbrico) devecerá menos que

si o zigan a multiplicidade de órgaos a que da vida o réximen de centralización.

E hai mais ainda: As cifras presupostadas pol-as Diputazóns e os Concellos galegos pros anos 1927 e 1928, respeitivamente, según resumen, formado cos deradeiros resultados publicados polo "Anuario Estadístico", son as que seguen:

	Diputazós (1927)	Concellos (1928)
Pontevedra . . . . .	2.693.736'76	11.407.271'—
Ourense . . . . .	3.376.291'93	4.541.182'—
Lugo . . . . .	2.347.049'74	4.931.187'—
A. Cruña . . . . .	4.987.704'71	13.840.069'—
	13.404.783'14 ptas.	34.719.709'—
		13.404.783'14
Ptas . . . . .		47.154.492'14

Total que hoxe é, seguramente, moiísimo mór, pois todos sabemos o aumento que istes presupostos experimentaron nos derradeiros anos. E ¿quén dúbida que ademanistración das nosas Diputazóns e Concellos ven sendo pouco eficaz e moi costosa? O que suscribe ten escomenzada a publicación das liñas xeraes do proyeito de reorgaización de servizos que empezara a pór en práctica por mandada da Diputación de Pontevedra, e propónse demostrar que, si se levase a cabo, reportaría á citada provinza un benefizo mór de 400.000 ptas. Lembra-o só pra perguntar: ¿cál podería ser o benefizo que por diminución do custe da sua ademanistración pública (Rexional, Comarcal e Parroquial), podería outer Galiza cando — polo menos no aspeito económico-fiscal — se reduxesen a unha as funzóns que agora requiren triplicidade de órgaos, sin perxuizo — craro está — pra autonomía debida as individualidades naturaes xurídicamente recoñecidas? E ise benefizo; en cánto se podería aumentar cando — pois xa non asusta a ningún certo grado de sociaización — o Banco de Galiza, por medio das suas Sucursaes, Axenzas e Delegazóns, fose recollendo, con evidente benefizo pra todos, menos pró capitaista intermediario, unha serie de servizos que hoxe están en mans particulares?; ¿cal sería, tamén, o grado en que se poderían desgravar os presupostos das futuras individualidades galegas cando as seições d-aforo recollesen os moiísimos millóns que hoxe non cum-

Por todo iso, non findaremos sin apuntar unha primeira conclusión que se non pode ocultar a ningún: Si os medios de que disporíamos no lo habían permitir, ¿quen dubida: 1º de que a concesión da autonomía permitiríalle a Galiza exaltar a sua persoalidade, con un enséñio e unha orgaización social adecuadas, que os alleos non nos poden dar; e 2º do gran benefizo que isto suporía, tanto pra Galiza mesma como dend-o punto de vista da sua aportazón mais eficaz o concerto dos pobos?

## II

Demostrado que Galiza sairía grandemente beneficiada co otorgamento d-un réximen autónomo, vexamos si o Estado no lo pode conceder sin perxuizo das partes interésadas.

Xa dixemos que se non trataba de coñocer as posibilidades d-un Estado independiente, nin, por conseguinte, se trata agora de saber os perxuizos que a outro poidera ocasioar a separación, senón que segue sendo, tamén

con referencia ó Estado, unha simpre custión fiscal.

Esta parécenos que na precedente parte do traballo queda resolta, pois, como se viu, os nosos cálculos están feitos sobre-a base de aceptar pro Estado todas as obrigas, incruso as que se declaren a extinguir, non asinalados as Rexiões (pois somos os primeiros a recoñecer que é de xustiza respetar os direitos legalmente adequiridos), e de que as Rexiões sufraguen aquila parte que aquil non poida cubrir cos ingresos que lle quedan; co que nin pro Estado nin pras demais Rexiões hay perxuízo ningún, senón, pol-o contrario, os benefizos, inmediato e mediato, que se deriven, respectivamente, da supresión de órgaos innecesarios e da amortizazón gradual das obrigas a extinguir; máxime si se ten en conta: que aceptamos pra facer os cálculos un presuposto de gastos recargado con obras extraordinarias, y-entreques, un d-ingresos amengoados; e que as reduzóns que estimamos son, como queda dito, moito mais pequenas das que se poden facer; especialmente en Marruecos, colonias, culto, etc.

Parécenos que ninguén podería decir que ó facer a separazón de obrigas e recursos, maxinamos un Estado Federal probe e sometido a limosna das Rexiões autónomas.

Y-eu vexo tan craro todo isto, que me parece innecesario engadir ningunha outra razón. Insistirei sómentes en algunas que moitos parece que iñoran ou non queren ver:

que o réximen de autonomía, tal como a pedimos, non ten, no aspeito económico, mais trascendenza que a d-unha separazón de servizos, con aforro de gastos que repercutirá en ben de cadaun e, pol-o tanto, no de todos;

que, hasta por instinto de conservazón no orden social, o Estado hespanol debía non demorar a concesión da autonomía que as Rexiões lle pidem; e, derradeiramente,

que Galiza usa d-un direito moi lexítimo ó pedir gobernarse de seu cando s-está vendo a cada momento que seus tutores a tratan con tanta inxustiza como a que supoñen o actual arancel, a repetida suspensión dos seus cativos ferrocarrís, obras de portos e tantas outras cuio importe ten retepagado; pois si dos cómputos que quedan feitos se excruisen os 888 millóns destinados a deuda pública (empregada en desastres guerreiros i-en obras realizadas casi todas fora de Galiza), non sómentes non teríamos que pagar os 9.400.000 ptas., en números redondos, que se calcularon, senón que o Estado tería de nos facer cesión de outros ingresos por valor de mais de 20 millóns de ptas.



*Dimpois da leitura do anterior traballo e do estudo detido do mesmo, entende a Poñenza que, pra algunhos, seguirá sendo discutible si (por razóns de soberanía ou por as que con respecto a cada particular se poidan alegar) deben ou non ser de momento concedidas a Galiza algunas das facultás que lle sinalamos; mais que ninguén poderá dubidar das seguintes conclusóns, que rubricamos sinceramente convencidos de non padecer erro:*

1º Que Galiza pode invocar, ademais de seu dereito como unidade social indiscutible, o que lle dá saber que ó pedir gobernarse de seu non o fai a costa de ninguén;

2º Que non se poderá dubitar que Galiza, autónoma, non tardaría en beneficiarse grandemente, valorando, en ven de todos, á sua aportazón o concerto universal dos pobos, afogada hoxe pol-o patrón d-uniformidade

a que se nos ten sometidos, o pretexto d'unha unidade nazonal absurda e inxusta, pois non é unidade voluntaria de pobos ceives;

3º Que a ningunha Rexión hespñola se lle debe negar, con pretextos económicos, o direito á autonomía, por integral que sexa, sempre que a pida comprometéndose a pagar a cantidade que en xustiza lle corresponda; pois concedéndolla non sonentes se lle fai un ben, senón que resultan beneficiados, ó mesmo tempo, as demais Rexións: por supresión da pluraldade de órgaos que na actualidade require a tutela do Poder Central.

E a Poñenzad dariase por pagada da laboura que acometeu, con entusiasmo e anceios d-acerto, si ela, cos defeitos que ten de ter, axudase á pór luz no básico probrema da nova estroiturazón hespñola, e contribuise a que, en ben de todos, fose xurídicamente recoñecido e resolto o probrema difrenzial da nosa Terra.

Galiza, maio do 1.931.

V. PAZ-ANDRADE.

A. BÓVEDA IGLESIAS.

VICENTE M. RISCO.

L. TOBÍO FERNÁNDEZ.

R. CARBALLO CALERO.

#### GALEGO:

SI NON TES ALMA DE ESCRAVO OU DE TREIDOR, O TEN DEBER E O DE SER UTIL A CAUSA DA LIBERDADE.

NA SOCIEDADE NAZONALISTA PONDAL, SO FORMAN OS QUE ARELAN A INDEPENDENZA ABSOLUTA DA NAZON GALEGA.

SI PARTICIPAS DAS NOSAS ARELAS PATRIOTICAS, SERAS RECIBIDO NO NOSO SEO COMO UN IRMAN.

QUALQUERA SEXA O APORTE QUE POIDAS TRAER, O TEU CONCURSÓ E NECESARIO.

NECESITAMOSTE, POR, E PARA GALIZA.

BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA



BNGA00213898

BL FR-198  
Titn-27860